



XORNADA DE ENCONTROS ENTRE COOPERATIVAS

O concello de San Sadurniño acolle o vindeiro luns 20 de abril a **II xornada de "Coop é activas, procesos de autodesenvolvemento cooperativo"**, actividade de difusión do traballo cooperativo organizada polo Concello de San Sadurniño, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a ONG Arquitectura Sen Fronteiras.

Neste encontro participarán dúas cooperativas promovidas por Arquitectura Sen Fronteiras: o proxecto de autoemprego de reciclaxe de aceite de **"Mulleres Colleiteiras"**, e a cooperativa guatemalteca de materiais de construción **"B'eljuj Q'anil"**; así como a cooperativa local **"Tagen Ata"** adicada á formación a distancia.

As tres cooperativas darán a coñecer o seu traballo e as súas iniciativas, rematando cun debate aberto onde intercambiarán experiencias e profundizarán nos procesos de autodesenvolvemento comunitario a través do traballo cooperativo, tanto en contextos internacionais como locais.

A xornada terá lugar o vindeiro luns 20 de abril de 2015 ás 16:30h na Casa da Cultura de San Sadurniño con entrada libre ao público ata completar aforo.